



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### NARÓN

##### Secretaría

*Plan normativo 2021. Edicto de aprobación definitiva do Plan de inspección municipal de actividades*

PLAN NORMATIVO 2021

EDICTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES

Rematado o período de exposición pública do acordo do Concello Pleno de Narón de data 23 de xuño de 2021, relativo á aprobación inicial do PLAN DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES, sen que se teñan producidas alegacións ou suxerencias, enténdese aquel acordo elevado a definitivo e se procede a súa íntegra publicación neste Boletín Oficial da Provincia.

Narón, 23 de agosto de 2021.

O Alcalde Acctal.-

Ado: Guillermo Sánchez Fojo

#### PLAN DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN

##### TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

###### Artigo 1. Obxecto.

O presente Plan de inspección municipal de actividades ten por obxecto determinar as actuacións prioritarias do Servizo de Urbanismo do Concello de Narón en canto á función inspectora das actividades sometidas a licenza, comunicación previa ou declaración responsable, coa finalidade de mellorar a calidade e eficacia na vixilancia das funcións de control “ex post” que a normativa vixente encomenda ás Administracións locais, de acordo co establecido na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Este Plan aprobase tamén consonte o establecido na Disposición final primeira da Ordenanza reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras de no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón (BOP núm. 2, do 3 de xaneiro de 2019).

###### Artigo 2. Vixencia.

Este plan terá unha duración bianual, e prorrogarase de forma tácita ata a entrada en vigor do seguinte plan de inspección. Realizarase unha memoria anual das actuacións de inspección e comprobación levadas a cabo cun resumo, estatísticas e conclusións que permitan avaliar o grao de cumprimento e implementación do Plan de inspección, en aras da súa continua mellora.

###### Artigo 3. Obxectivos principais.

Os obxectivos principais do presente plan de inspección son:

1º. Vixiar o cumprimento da normativa urbanística e sectorial de aplicación das actividades implantadas neste termo municipal, evitando molestias a terceiros ou prexuízos ao medio ambiente, sen menoscabo das actuacións que correspondan a outras administracións públicas sectoriais no ámbito das súas competencias.

2º. Establecer unha orde de prioridades en canto ás funcións de inspección velando en primeiro lugar por atender ás denuncias formuladas por terceiros ou de oficio.

3º.- Detectar a existencia de actividades que se estean desenvolvendo sen título habilitante municipal ou daquelas que realizasen modificacións substanciais sen obter un novo título que as lexitime.

## TÍTULO II. PRIORIDADES E CRITERIOS DE ACTUACIÓN.

### Artigo 4. Orde de prioridades e criterios de actuación.

Atendendo á gravidade da natureza da actividade que se desenvolva, ao prexuízo causado ao interese xeral e co fin de lograr unha maior eficiencia na utilización dos medios públicos, establécense unha serie de actividades prioritarias obxecto de inspección polos servizos municipais que son os seguintes:

Grao 1.- Denuncias de particulares, tendo preferencia as denuncias sobre actividades que puidesen dar lugar a infraccións moi graves e graves sobre as leves.

Grao 2.- Expedientes referidos a actividades ou establecementos que fosen obxecto de procedementos sancionadores, tendo tamén preferencia os incoados por infraccións moi graves e graves sobre as leves.

Grao 3.- As actividades que xeren situacións de risco grave para o medio ambiente, seguridade, salubridade e, con carácter xeral, para as persoas ou os bens.

Grao 4.- As actividades que fosen obxecto dalgún procedemento de avaliación ambiental segundo o establecido no Capítulo II do Título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Grao 5.- As actividades sometidas a licenza municipal.

Grao 6.- As actividades recollidas no Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, así das terrazas que estes teñan instaladas tanto sobre o viario público como sobre solo de titularidade privada.

Grao 7.- As solicitudes particulares de visitas de inspección reguladas no art. 29 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia.

Grao 8.- As actividades non incluídas nos graos anteriores e as transmisións de titularidade de calquera tipo de actividade.

### Criterios de actuación.

Primeiro. Terán prioridade na tramitación as actuacións que revistan perigo para a seguridade das persoas.

Segundo. Terán preferencia, dado o seu valor histórico, artístico e a singularidade da edificación, as actividades desenvolvidas en edificacións catalogadas polo plan urbanístico.

Terceiro. Terán preferencia as infraccións moi graves e graves sobre as leves, así como as derivadas de actividades ilegalizables sobre as legalizables.

Cuarto. Dentro de cada grao priorizaranse as intervencións sobre infraccións reiteradas realizadas por unha mesma persoa.

Quinto. Terán preferencia na tramitación, dentro de cada un dos graos, as actividades carentes de licenza/comunicación previa/declaración responsable sobre as que si a teñan, sempre que o seu incumprimento non constitúa unha modificación substancial da actividade autorizada.

## TÍTULO III. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INSPECCIÓN.

### Artigo 5. Inspección e control.

As funcións inspectoras levaranas a cabo funcionarios que teñan o carácter de axente da autoridade. Serán, por tanto, funcionarios do Corpo da Policía Local así como os técnicos adscritos ao servizo de Urbanismo. Con todo, no exercicio das súas funcións estes poderán ser auxiliados por outro persoal funcionario.

Poderán encomendarse as funcións de inspección e control ás entidades de certificación de conformidade municipal debidamente habilitadas.

### Artigo 6. Tipos de inspección.

As inspeccións a realizar clasifícanse en tres niveles de profundidade:

- Inspeccións de nivel 1. Consisten en que o funcionario inspector solicite ao titular da actividade o título habilitante para o seu exercicio así como a vixencia da póliza de responsabilidade civil. No caso de actividades recreativas e espectáculos públicos, en horario nocturno ou diúrno, tamén se comprobará o seguinte:

- Cumprimento do horario de apertura e peche do establecemento, así como de calquera actuación especificamente autorizada.
- Cumprimento do límite de ocupación establecido para o aforo do local.

· Comprobación de que as terrazas dos establecementos non superen o horario máximo legalmente establecido, nin a ocupación autorizada.

Estas inspeccións, xa que carecen de carácter técnico, poderán ser realizadas por calquera inspector.

- Inspeccións de nivel 2. Consiste na verificación da correspondencia da documentación técnica do título habilitante coa realidade inspeccionada. A verificación será básica e limitarase ás medidas de seguridade (saídas e iluminación de emerxencia, medios de protección en caso de incendios...) e o estado aparente das instalacións.

- Inspeccións de nivel 3. Consiste nunha verificación técnica máis profunda para instalacións específicas.

Os niveis 2 e 3 considéranse esenciais para os obxectivos do presente plan.

O funcionario inspector deberá cubrir unha acta de comprobación según os modelos normalizados recollidos no Anexo deste Plan. As actas expediranse por duplicado e serán asinadas polo persoal inspector e, de ser o caso, polas persoas antes as cales se expidan. A achega de copia da acta equivale á súa notificación.

Artigo 7. Procedemento de inspección.

O procedemento de inspección e control posterior pode iniciarse por calquera dos seguintes medios:

a) Denuncia dos servizos municipais: por propia iniciativa dos inspectores derivada do coñecemento directo ou indirecto de circunstancias, condutas ou feitos que os motiven; como consecuencia de ordes superiores, ou mediante petición razoada doutros servizos do Concello.

b) Denuncia de terceiros. Que deberá conter o sinalado no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Admitiranse as chamadas telefónicas realizadas á Policía Local. O denunciante terá o dereito, excepto no caso de chamadas telefónicas, de que se lle comuniquen:

i.- O acordo de iniciación do expediente de restablecemento da legalidade infrinxida e da realidade física alterada.

ii.- O acordo de iniciación do expediente sancionador.

Coa excepción feita anteriormente, tamén terá dereito a que se lle comunique a resolución que poña fin ao procedemento, ou se é o caso, a decisión de non iniciar o procedemento e de archivar as actuacións.

c) De conformidade co plan de inspección municipal.

Artigo 8. Inspeccións a realizar.

Debido á dificultade material de realizar a totalidade de visitas de inspección a que dan lugar as actividades desenvolvidas en todo o termo municipal, é necesario establecer unha mínima porcentaxe que se considera necesario levar a cabo anualmente e que se concreta nos seguintes puntos:

#### 1. Denuncias.

Deberán inspeccionarse o 100 % das denuncias que, cumprindo o artigo 62 da Lei 39/2015, preséntense por escrito e teñan entrada no Rexistro Xeral do Concello. Tamén daquelas chamadas telefónicas que faciliten os datos mínimos establecidos no devandito artigo 62.

En función do tipo de denuncia a inspección a realizar será de nivel 1, 2 ou 3.

2. Actividades incluídas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e aquelas sometidas ao réxime de autorización previa ou a calquera procedemento de avaliación ambiental.

Deberán inspeccionarse o 100 % das devanditas actividades, no prazo dun ano desde que se presente a documentación completa no rexistro de entrada municipal/sede electrónica ou desde que se autorice a licenza.

Nestas actividades a primeira inspección será realizada en nivel 3. Posteriores visitas de inspección serán realizadas en nivel 1, 2 ou 3 en función da causa da visita.

#### 3. Resto de actividades e transmisións de titularidade.

Fíxase como obxectivo que a inspección anual alcance, como mínimo, o 10 % das actividades comunicadas nese ano non sometidas a ningún tipo de avaliación ambiental nin catalogadas como espectáculos públicos e actividades recreativas. A devandita porcentaxe aplicarase tamén para as transmisións de titularidade de calquera tipo de actividade comunicadas durante ese ano ao Concello.

Para establecer que actividades inspeccionaranse establécese como criterio o visitar todas aquelas cuxo último dígito do número de expediente coincida co do ano en curso. A continuación, seguirase co seguinte número consecutivo e así sucesivamente.

En función do tipo de actividade comunicada a inspección a realizar será de nivel 2 ou 3.

#### **TÍTULO IV. INTERPRETACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE INSPECCIÓN.**

##### **Artigo 9. Interpretación do Plan.**

A Alcaldía deste Concello poderá ditar aquelas resolucións ou instrucións que estime necesarias para a correcta interpretación e execución do disposto no presente Plan. De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Alcaldía poderá alterar a orde de prioridades sinaladas neste plan cando existan razóns de interese público que así o xustifiquen.

##### **Artigo 10. Seguimento do Plan.**

O servizo de Urbanismo estudará os resultados e incidencias que xurdan na aplicación do devandito Plan, así como a necesidade da súa modificación.

Neste sentido, na memoria anual mencionada no artigo 2 deste Plan, poderase propoñer, á vista das conclusións da mesma, as modificacións puntuais necesarias para a súa continua mellora e implementación da súa eficacia.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan expresamente derogadas cantas disposicións municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles con este Plan de Inspección.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este Plan de Inspección entrará en vigor transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, consonte o establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**ANEXO.****ACTA DE INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES – NIVEL 1.****ACTA DE COMPROBACIÓN Nº** .....

Data da inspección:.....

Hora:.....

Emprazamento:.....

Actividade inspeccionada:.....

Referencia da CP/ DR de actividade: .....

Referencia da CPO/ licenza de obras, no seu caso: .....

Identificación do/da funcionario/a que realiza a inspección e que subscribe a acta: .....

**Datos da persoa presente no momento da visita:**

Cargo na actividade:.....

Nome e apelidos:.....

DNI: .....

Domicilio: .....

Telf:.....

De conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27/12/2013), e posteriores modificacións, e nos artigos 85 e ss do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (DOG núm. 213, do 09/11/2016), fago constar os seguintes feitos:

- Carece da documentación acreditativa do cumprimento da normativa de aplicación no local ou establecemento inspeccionado.
- Outras situacións:

**Descrición das actuacións practicadas:**

- Axústanse á actividade realizada da que posúe o título habilitante e a póliza de responsabilidade civil cumpre as esixencias da normativa en vigor.
- Non se axusta á actividade realizada da que posúe o título habilitante pero a póliza de responsabilidade civil cumpre as esixencias da normativa en vigor.
- Axústanse á actividade realizada da que posúe o título habilitante pero a póliza de responsabilidade civil non cumpre as esixencias da normativa en vigor.

**Incumprimentos da normativa en vigor, no seu caso:**

**No caso de actividades recreativas e espectáculos públicos:**

-Cumprimento do horario de apertura e peche do establecemento, así como calquera actuación especificamente autorizada:  SI  NON

-Cumprimento do límite de ocupación establecido para o aforo do local:  SI  NON

- Comprobación de que as terrazas dos establecementos non superen o horario máximo legalmente establecido, nin a ocupación autorizada:  SI SUPERA  NON SUPERA

**Observacións ao respecto das actividades recreativas e espectáculos públicos:****Manifestacións que efectúa a persoa presente na inspección e que solicita que consten na acta:**

Incidencias producidas durante a actuación de control, no seu caso:

**Medios utilizados para acreditar as manifestacións que constan en acta:**

- Imaxes fotográficas.
- Outros (especificar):

**Observacións:**

Comunícolle que, no prazo de 10 días, os interesados poden alegar ou presentar os documentos e xustificacións que se consideren pertinentes, sen que en ningún caso se paralicen as actuacións.

A sinatura desta acta pola persoa presente na inspección non implica a aceptación do seu contido nin da responsabilidade en que poida incorrer a persoa presuntamente infractora, excepto cando así se recoñeza expresamente na acta.

- Entrégaselle unha copia da acta á persoa presente na inspección.
- Négase a recibir copia da acta.
- Négase a asinar a copia do acta pero si recibe a copia.

E para que así conste, levanto esta acta de inspección por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

O funcionario - inspector

A persoa que recibe a copia da acta

Asdo.....

Asdo.....

Narón, a ..... de ..... de 20....

DEPARTAMENTO DE .....

**ACTA INSPECCIÓN MUNICIPAL DE ACTIVIDADES – NIVEIS 2 e 3.**

**ACTA DE COMPROBACIÓN NÚMERO.....**

Data da inspección:.....

Hora:.....

Emprazamento:.....

Actividade inspeccionada:.....

Referencia da CP/ DR de actividade: .....

Referencia da CPO/ licenza de obras, no seu caso: .....

Identificación do/a funcionario/a que realiza a inspección e que subscribe a acta: .....

Datos da persoa presente no momento da visita:

Nome e apelidos:.....

DNI: .....

Domicilio: .....

De conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG núm. 247, do 27/12/2013), e posteriores modificacións, e nos artigos 85 e ss do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (DOG núm. 213, do 09/11/2016), fago constar os seguintes feitos:

- Carece da documentación acreditativa do cumprimento da normativa de aplicación no local ou establecemento inspeccionado.
- Outras situacións:

**Descrición das actuacións practicadas:**

- Axústanse á documentación técnica achegada.
- Axústanse á documentación técnica achegada con modificacións non substanciais.
- Non se axustan á documentación técnica achegada na súa integridade xa que se aprecian modificacións substanciais nas mesmas.
- Non se axustan á documentación técnica achegada e obsérvanse incumprimentos da normativa en vigor.

**Descrición das modificacións (substanciais ou non) que se observen, no seu caso:**

Incumprimentos da normativa en vigor, no seu caso:

Manifestacións que efectúa a persoa presente na inspección e que solicita que consten na acta:

Incidenias producidas durante a actuación de control, no seu caso:

Medios utilizados para acreditar as manifestacións que constan en acta:

- Imaxes fotográficas.
- Outros (especificar):

Observacións:

Comunícolle que, no prazo de 10 días, os interesados poden alegar ou presentar os documentos e xustificacións que se consideren pertinentes, sen que en ningún caso se paralicen as actuacións.

A sinatura desta acta pola persoa presente na inspección non implica a aceptación do seu contido nin da responsabilidade en que poida incurrir a persoa presuntamente infractora, excepto cando así se recoñeza expresamente na acta.

- Entrégaselle unha copia da acta á persoa presente na inspección.
- Négase a recibir copia da acta.
- Négase a asinar a copia do acta pero si recibe a copia.

E para que así conste, levanto esta acta de inspección por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

Narón, a ..... de ..... de 20....

Sinaturas

O persoal funcionario-inspector

A persoa que recibe a copia da acta

2021/6486